



Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

DIRECTRIZ 1002.1

**Sinatura de convenios e
contratos**



Esta obra está baixo unha licenza de Creative Commons (BY-NC-SA)
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0>



CONTIDO

1	Preámbulo.....	3
	1.1 Obxectivo.....	3
	1.2 Ámbito de aplicación.....	3
	1.3 Alcance.....	3
2	Marco normativo.....	3
3	Norma de sinatura.....	4
4	Data de aprobación e entrada en vigor.....	4



1 PREÁMBULO

1.1 Obxectivo

Establecer as normas de sinatura de convenios e contratos do CPEIG.

1.2 Ámbito de aplicación

Presidente/a e Xunta de Goberno do CPEIG.

1.3 Alcance

Sinatura de convenios, contratos, obrigas e accións con entidades externas ao CPEIG.

2 MARCO NORMATIVO

- 1 O Artigo 1.3 dos Estatutos do CPEIG recolle que:

“O Colexio ten plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. En consecuencia, e de acordo coa legalidade vixente, pode adquirir, vender, allear, posuír, reivindicar, permutar, gravar toda clase de bens e dereitos, realizar contratos, subscribir convenios, obrigarse e exercitar accións e interpor recursos en todas as vías e xurisdicións para o cumprimento dos seus fins.”

- 2 O Artigo 26.2 dos Estatutos do CPEIG establece como unha das funcións do/a presidente/a a seguinte:

“Exercer a representación do Colexio e dos seus órganos deliberantes e xestionar os asuntos deste ante autoridades e entidades públicas ou privadas, sen prexuízo de que en casos concretos poida tamén a Xunta de Goberno, no nome do Colexio, encomendar as ditas funcións a determinados membros do mesmo ou comisións constituídas.”

3 NORMA DE SINATURA

- 1 A sinatura de convenios, contratos, obrigas e accións con entidades externas ao CPEIG correspóndelle ao/á presidente/a do colexio, de acordo co marco normativo.
- 2 A proposta de sinatura de convenios, contratos, obrigas e accións con entidades externas ao CPEIG deber ser previamente aprobada pola Xunta de Goberno e reflectida na correspondente acta.

4 DATA DE APROBACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

A presente directriz foi aprobada na Xunta de Goberno 2008/04, celebrada o 11 de abril de 2008, e entrará en vigor o 12 de abril de 2008.

O secretario

Juan Antonio Valiño García

Visto e prace
O presidente

Fernando Suárez Lorenzo